

SEPE

Reunión da Mesa Delegada

11/3/2025

Na Mesa Delegada de hoxe tratáronse os seguintes temas:

ACCIÓN SOCIAL

Aprobáronse as Bases de Acción Social 2025 que son practicamente idénticas ás do pasado ano. A CIG manifestou a súa desconformidade co orzamento destas axudas e non deu a súa conformidade coas mesmas mentres non se recupere o presuposto que tiñamos antes do recorte do ano 2011.

SAÚDE LABORAL

Aprobouse a modificación dos protocolos de Procedemento de avaliación de riscos e Protocolo de actuación fronte á violencia no traballo.

Tamén se aprobou o Procedemento de actuación en zonas con potencial risco de Radón e o Procedemento de protección de persoal especialmente sensible.

FORMACIÓN

No caso da Galiza a CIG observou que se ben se executou a totalidade do orzamento que cada provincia tiña, a porcentaxe de xente formada na programación provincial foi baixa. Pola contra, son moitas as solicitudes presentadas para a convocatoria de formación nacional.

Por este motivo, solicitamos que se estude en que está faiando a formación provincial e a incidencia dos cursos convocados no cumprimento do itinerario formativo por parte do persoal.

CONCURSOS

Envíouse ao Ministerio o próximo concurso específico para a súa remisión posterior ao BOE. Está prevista a súa publicación este mesmo mes.

Houbo que retirar varios postos de adscrición A2/A1 por non cumprir co nivel mínimo de postos para A2.

O seguinte concurso será de postos base.

AXENCIA ESTATAL

Sen novidades. Seguimos esperando por un informe.

ALMA

O día 17 deste mes empezase a formación cun webinar (seminario web) para o persoal experto. Posteriormente, seguirase impartindo a formación ao resto do persoal. En canto á formación presencial provincial, os “expertos e expertas” serán os encargados de dar a formación nas provincias.

A CIG volveu trasladar á Dirección os problemas que está ocasionando este programa e a preocupación polos faios coa implantación das novas funcionalidades.